


# Festival Sinsal

SON Estrella Galicia

21-22-23 de xullo  
na Illa de San Simón




festival.sinsal

## O festival Sinsal pecha a edición de 2023 coa presentación do Escenario Océano x FEST Galicia, que incluírá a actuación do grupo As Donas e actividades paralelas

O Mosteiro de Oia acollerá o martes 29 de agosto, entre as 19:00 e as 21:00 horas, un concerto de música instrumental no que o repertorio xirará arredor da obra de mulleres compositoras dos séculos XVII e XVIII

As e os asistentes poderán realizar unha visita guiada ao mosteiro, declarado BIC, ou vivir unha experiencia inmersiva 360° no mundo submarino da ría de Vigo a través de lentes de realidade virtual



**Oia, 21 de agosto de 2023.**- Unha xornada dedicada ao océano será o ramo do Sinsal SON Estrella Galicia 2023, que se traslada dunha illa declarada BIC a un espazo que tamén o é: o **Mosteiro de Oia**. O **martes 29 de agosto**, o recinto acollerá a presentación do novo **Escenario Océano x FEST Galicia**, espazo no que resoarán os ecos do vivido hai un mes na illa de San Simón.

Esta xornada de peche da edición de 2023, a modo de epílogo, incluíra un **concerto de música clásica da man do ensemble As Donas** e a posibilidade de participar en **actividades paralelas de descubrimento e interacción co patrimonio histórico, cultural e natural**, como son unha visita guiada ao propio mosteiro ou mesmo unha experiencia inmersiva 360º ao mundo submarino da ría de Vigo grazas á realidade virtual. As entradas para a xornada xa se poden adquirir, por 12 euros, na plataforma en liña [www.enterticket.es](http://www.enterticket.es)

Se no 2022 Sinsal pechou a súa edición no porto vigués, este ano Sinsalaudio quere dar un paso máis e presentar un novo espazo, o **Escenario Océano x FEST Galicia**, co que se **tende pontes entre unha e outra edición do festival**. O desenvolvemento da actividade do Sinsal SON Estrella Galicia nun edificio como é o Mosteiro de Oia -cuxa actividade cultural é promovida pola Fundación Bretal- non é baladí: **os dous emprazamentos, tanto a illa de San Simón coma o Mosteiro de Oia, comparten momentos históricos** e están relacionados co centro ao que se dirixe o foco da actividade: **o mar**.

## **Programación Escenario Océano x FEST Galicia**

O peche do Sinsal SON Estrella Galicia 2023 comezará o **martes 29 ás 19.00 horas**. A primeira parte da xornada será unha actividade divulgativa que o público poderá escoller á hora de mercar a entrada. Por unha banda, poderase realizar unha **visita guiada ao propio Mosteiro de Oia**, duns 45 minutos, nos que se farán tres paradas (Praza de armas, Claustro e Patio das Laranxeiras) e contará cun número limitado de prazas (75).

Pola outra, o público poderá participar nunha experiencia inmersiva 360º, unha **introdución ao mundo submarino da ría de Vigo** dun xeito novidoso, accesible e minimamente intrusivo, grazas ás novas tecnoloxías. Esta segunda actividade desenvolverase en dous momentos. Dunha parte, estará a posibilidade de visualizar unha peza audiovisual que se proxectará dos fondos mariños da ría, na que se recollerá a súa riqueza e características. Da outra, haberá á disposición do público lentes de realidade virtual Oculus Quest 2 para que se poidan somerxer en augas da ría viguesa a través de imaxes 360º -filmadas polo equipo da cooperativa dedicada á divulgación e conservación do medio mariño 13 GRADOS-. Serán experiencias individuais, de tres en tres persoas, que estarán acompañadas coa interpretación das imaxes que se están a ver. A realización desta experiencia será por orde de chegada e outorgarase un número ou quenda para participar da iniciativa.

O broche dourado será o **Concerto Das Donas: A pegada feminina na historia da música**, actuación que ofrecerá a agrupación conformada por Pilar Moráquez (soprano), Marta López (cravo), Elena Vázquez (violín barroco) e María José Pámpano (violín barroco e dirección artística). O ensemble presentará, a partir das 20:00 horas, un **repertorio de música instrumental formado, de forma exclusiva, pola obra de destacadas compositoras do Renacemento e do Barroco**. Así, na cita o público poderá descubrir obras de autoras como Francesca Caccini, Isabella Leonarda, Bárbara Strozzi ou Élisabeth Jacquet de La Guerre. Con este Concerto das Donas, Sinsal SON Estrella Galicia pecha a edición de 2023 **poñendo en valor non só un rico patrimonio artístico, senón o papel das pioneiras na profesionalización da muller no eido da música**.

As persoas interesadas en asistir ao epílogo do Sinsal SON Estrella Galicia 2023 poden adquirir os seus billetes para o **Escenario Océano x Fest Galicia** desde hoxe mesmo a través do espazo web [www.enterticket.es](http://www.enterticket.es), no que poderán seleccionar o tipo de actividade paralela que querrán facer. As entradas para menores de 16 anos serán a 6 euros e, polas características da iniciativa, o equipo de Sinsalaudio recomenda asistencia para nenas e nenos maiores de 11 anos.

### **Contacto de prensa Sinsal SON Estrella Galicia**

Lucía Pita | 675 404 321 | [prensa@sinsalaudio.org](mailto:prensa@sinsalaudio.org)

**Sala de prensa** | <http://festival.sins.al/gl/prensa>